

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 6 DE AGOSTO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Valga, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de pasos peonís inferiores nos p.q. 65/650 e 67/280 da liña FF.CC Redondela-Santiago T.M. de Valga
- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Valga, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de camiños de servizo paralelos ao FF.CC. en Valga (fase II)

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se acepta a cesión, a título gratuito, dun inmovible feita polo Concello da Bola á Comunidade Autónoma de Galicia, con destino á construción dun centro de menores
- Decreto polo que se acorda a cesión en propiedade, a título gratuito, ao Concello de Fisterra do inmovible denominado *Campo de fútbol de Ara Solis*

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón a substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística do Concello de Lousame

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Lalín, para a execución da obra do novo depósito de 1.500 m³ en Lagazós e conexión coa estación de tratamento de auga potable (ETAP) e distribución
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ribeira, polo que se autoriza a aprobación do gasto para a execución das obras dos colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Corrubedo, Ribeira (A Coruña)
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, polo procedemento aberto, do servizo consistente no desenvolvemento e execución do Plan de control de verteduras de Augas de Galicia 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico denominado A Valiña (Concello das Pontes), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, a *Asociación de Canteiras de Galicia (ACG)* e a *Asociación Gallega de Pizarristas (AGP)*, para a realización de actuacións para a promoción do sector da rocha ornamental, por importe de cincocentos sesenta e oito mil euros (568.000 euros)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para dotar de auxiliares de conversación os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto
- Acordo polo que se autoriza a modificación do compromiso plurianual que deriva da orde pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Fundación Centro*

Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade

- Acordo polo que se designa un representante dos intereses sociais pola Xunta de Galicia no Consello Social da Universidade de Vigo

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación das obras de construción da urbanización fase II, melloras de acceso, arranxo de noiros e moblaxe urbano da Cidade da Cultura
- Acordo polo que se designan os representantes da Xunta de Galicia no padroado da *Fundación Camilo José Cela*

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o gasto derivado dun convenio plurianual entre a Consellería do Mar e os grupos de acción costeira

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da resposta do Estado ao requirimento de incompetencia acordado polo Consello da Xunta de Galicia, de data 25 de xuño, respecto do conflito de competencias orixinado pola Orde ESD/1062/2009, do 25 de marzo, pola que se convocan subvencións a entidades privadas sen fins de lucro para a realización de actividades dirixidas á atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e á compensación de desigualdades na educación durante o curso escolar 2009-2010
- Informe sobre a elaboración dos temarios desde a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para todos os procesos selectivos convocados pola Xunta de Galicia
- Informe da situación e plan de avaliación da estrutura e funcionamento das axencias, consorcios, centros diferenciados, entidades de dereito público, fundacións, organismos autónomos e sociedades participadas pola Xunta

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do anteproxecto da lei polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan Integral de Atención e Saúde da Muller
- Informe sobre o Plan Estratéxico do Servizo Galego de Saúde
- Informe sobre a oferta pública de emprego do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde

A XUNTA PORÁ EN MARCHA DÚAS EXPROPIACIÓNS FORZOSAS PARA REALIZAR OBRAS QUE PERMITAN A ELIMINACIÓN DOS PASOS A NIVEL EN VALGA

- *O obxectivo é garantir a seguridade viaria e ferroviaria no concello e evitar accidentes como os ocorridos no ano 2007*

O Consello da Xunta acordou, tras a solicitude polo Concello de Valga, a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, dos bens necesarios para a realización das obras de dous proxectos encamiñados a garantir a seguridade na liña de ferrocarril Redondela-Santiago ao seu paso polo concello pontevedrés de Valga.

Así, as accións concretas que se pretenden realizar son o proxecto *Pasos peonís inferiores nos p.q. 65/650 e 67/280 da liña FF.CC Redondela-Santiago T.M. de Valga*, que permitirá a construción de dúas sendas e dous pasos peonís inferiores; e o de *camiños de servizo paralelos ao FF.CC en Valga (fase II)*, polo que se realizarán camiños paralelos ao ferrocarril.

O obxectivo final destes proxectos é a eliminación dos pasos a nivel existentes nos distintos tramos da liña férrea de Valga, garantindo desta maneira a seguridade viaria e ferroviaria co fin de evitar accidentes, como os xa acontecidos no 2007, que lle custaron a vida a tres veciños do concello.

A XUNTA CREARÁ UN CENTRO DE MENORES NA BOLA NUN INMOBLE CEDIDO POR ESTE MUNICIPIO OURENSÁN

- *O Executivo autonómico transfere ao Concello de Fisterra un terreo para dedicalo a actividades deportivas*

A Xunta construíra un centro de menores na Bola nun inmoble cedido ao Goberno galego por este municipio ourensán. O Consello aprobou hoxe o decreto polo que se acepta a transferencia gratuíta deste terreo.

O Pleno do Concello da Bola acordara, nas sesións do 24 de outubro de 2008 e do 2 de febreiro de 2009, ceder á comunidade autónoma este inmoble, cunha superficie de case 10.000 metros cadrados e localizado no sitio do Val, nas proximidades do núcleo rural de Murzás, que acollerá un centro de menores.

Por outra banda, o Executivo autonómico transferirá ao Concello de Fisterra (A Coruña) outro terreo, tamén de forma gratuíta, no cal se poderán desenvolver actividades deportivas, tal e como acordou o Consello da Xunta.

O Concello de Fisterra solicitara esta cesión, correspondente a unha parcela de 12.400 metros cadrados denominada Campo de fútbol *Ara Solis*, situada no lugar de San Martiño de Abaixo, e a Secretaría Xeral e do Patrimonio, dependente da Consellería de Facenda, tramitou o expediente de transferencia do terreo que hoxe recibiu o visto e prace da Xunta.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A DANIEL BARATA QUINTÁS COMO NOVO MEMBRO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

- *Substitúe a María Lourdes Montero Mesa, que renunciou ao cargo no pasado mes de xuño*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Daniel Barata Quintás como novo membro do Consello escolar de Galicia como representante de personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación. A súa antecesora, María Lourdes Montero Mesa, renunciou a este cargo no pasado mes de xuño.

O mandato de Daniel Barata Quintás durará o resto do período de María Lourdes Montero Mesa, ata que se proceda á legal renovación de membros de consellos escolares de Galicia.

A XUNTA DE GALICIA ASUMIRÁ AS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS NO CONCELLO CORUÑÉS DE LOUSAME

- *Para iso asinarase un convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o dito concello para a súa adhesión á Axencia da Legalidade Urbanística (APLU)*
- *En virtude deste convenio, o Concello de Lousame delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística*
- *Con esta adhesión son 45 os convenios autorizados polo Consello da Xunta e 39 os acordos xa asinados*

O Consello da Xunta anunciou a sinatura dun convenio entre o concello coruñés de Lousame e a Axencia da Legalidade Urbanística, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O obxectivo principal deste acordo é a colaboración no restablecemento da legalidade urbanística que corresponda neste concello. Con esta adhesión serían 45 os convenios autorizados polo Consello da Xunta e 39 os acordos xa asinados.

A Axencia da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial para desenvolver, en común pola Xunta de Galicia e os concellos que se integren de maneira voluntaria nela, as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

A través deste acordo, axústanse as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto polos ámbitos competenciais de ambas as dúas administracións.

Condicións

En virtude deste convenio, o Concello de Lousame delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: solo rústico, solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Entre outras disposicións, o municipio de Lousame terá que prestar cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico lle solicite para a eficaz exercicio das súas competencias; facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o convenio de adhesión.

A XUNTA CONSTRUIRÁ UN NOVO DEPÓSITO DE AUGA EN LALÍN PARA INCREMENTAR A GARANTÍA DE SUBMINISTRACIÓN Á POBOACIÓN DURANTE TODO O ANO

- *O prazo de execución destas obras é de seis meses e suporán un investimento de case 400.000 euros*
- *Situarase no lugar de Lagazos e estará conectado coa estación de tratamento de auga potable*
- *O actual depósito faise insuficiente, sobre todo nos meses de verán, xa que existe un crecemento estacional da poboación moi notable*
- *As obras beneficiarán os máis de 21.000 habitantes do municipio de Lalín*

O Consello da Xunta aprobou un convenio de colaboración entre o Goberno galego e o concello de Lalín para a execución do novo depósito de Lagazos e a súa conexión coa estación de tratamento de auga potable (ETAP) e a súa distribución.

Estes convenios nacen co propósito de axudar os concellos á construción de infraestruturas hidráulicas, xa que moitas veces non dispoñen de financiamento suficiente para levar a cabo estas infraestruturas.

Neste caso, as obras terán un custo de case 400.000 euros, que se dividirán en dúas anualidades: neste ano investiranse máis de 191.000 euros e o vindeiro exercicio o custo será de 200.000 euros. As obras estarán licitadas no vindeiro mes de setembro e beneficiarán os máis de 21.000 habitantes do municipio de Lalín.

Estas infraestruturas, que terán un prazo de execución de seis meses, fanse necesarias debido a que o depósito existente para o abastecemento desta zona é insuficiente, sobre todo nos meses de verán, xa que existe un crecemento estacional da poboación moi notable.

Grazas a este convenio co concello pontevedrés de Lalín, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, tamén levará a cabo un novo bombeo na ETAP existente, ademais dunha nova impulsión e a conexión do depósito á rede de distribución.

Características técnicas

O departamento que dirixe Agustín Hernández levará a cabo os seguintes traballos: un novo depósito de 1.500 metros cadrados, que se executará en formigón armado, con planta circular de 22 metros de diámetro e 4,50 metros de altura, con cámara de chaves anexa.

Por outra banda, o novo bombeo constará de dúas bombas, unha principal e outra de reserva, ambas capaces de elevar cada unha 130 metros cúbicos por hora, cunha

impulsión de 984 metros en tubo de fundición dúctil, que contará cun diámetro 200 milímetros cara ao novo depósito.

Por último, construírase unha nova unión á rede de distribución pola cal o novo depósito se conectará á rede existente cunha conducción de PVC de diámetro 400 mm e unha lonxitude de 317 metros.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCIÓN DE COLECTORES XERAIS E A ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE CORRUBEDO

- *As actuacións pretenden solventar as deficiencias da rede de saneamento de varias parroquias, eliminando puntos de vertedura directa ao mar*
- *Estas obras están incluídas no Plan de Choque fronte á crise, dentro da liña de fomento da produtividade e do tecido industrial*
- *O novo servizo beneficiará un total de 8.000 habitantes, cifra que aumenta nos meses do verán debido á grade afluencia de turistas*
- *Agárdase que a licitación se leve a cabo neste mes de agosto*

O Consello da Xunta aprobou un acordo polo que se determina a colaboración técnico–financeira da Xunta de Galicia co concello de Ribeira para a instalación de colectores xerais e unha estación depuradora de augas residuais en Corrubedo. A consellería de Medio Ambiente realizará un investimento dun total de 7.360.072 euros para levar a cabo as ditas actuacións. Agárdase que a licitación se leve a cabo neste presente mes de agosto.

Estas obras pretenden solventar as deficiencias da rede de saneamento en varias parroquias do concello de Ribeira, eliminando diferentes puntos de vertedura directa ao mar, dos cales algúns deles están situados nas praias da zona.

As citadas actuacións están incluídas no Plan de Choque fronte á crise aprobado no Consello da Xunta de Galicia o pasado 30 de xullo, dentro da liña de fomento da produtividade e do tecido industrial, dando cumprimento ao Plan de Infraestruturas Hidráulicas.

Entre os traballos programados, destaca a mellora de dous bombeos existentes, substituíndo as bombas actuais por outras de maior capacidade. Ademais, construíranse sete novos bombeos soterrados en cámara seca, coas correspondentes impulsións en fundición dúctil de diámetros 125, 150, 200, 300 e 500 cunha lonxitude total de 6.111 metros. Tamén se executarán nove colectores nos que a auga circula por gravidade, en tubaxes de PVC, cun total de 330 pozos de rexistro e 10.252 metros de lonxitude.

A nova depuradora de Corrubedo contará cunha capacidade de tratamento para unha poboación de 8.000 habitantes equivalentes (h-e), situarase nas proximidades de Punta Paxariñas e verterá ao mar a través dunha condución de vertedura de diámetro de 500 mm. A poboación beneficiaria distribúese entre Corrubedo e as parroquias limítrofes e increméntase a dita cifra no período estival debido á grande afluencia turística que acolle esta zona de Ribeira.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS PARA A INSPECCIÓN E SEGUIMENTO EXHAUSTIVO DE VERTEDEURAS EN GALICIA

- *Con este investimento darase un paso máis no desenvolvemento e execución do Plan de Control de Verteduras de Augas de Galicia, incluído no Plan de Infraestruturas Hidráulicas*
- *O anuncio deste plan de inspección enviarase ao Diario Oficial das Comunidades Europeas neste mesmo mes de agosto, cun prazo de execución de 36 meses*
- *Este plan traballa en máis ámbitos que nas rías, xa que atende tamén as augas procedentes de ríos e lagos*
- *Un dos maiores problemas con que se atopa a Administración galega está nos concellos, posto que a maior parte das verteduras contaminantes detectadas teñen orixe municipal*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un investimento de máis de 6 millóns de euros para levar a cabo a inspección e seguimento exhaustivo das verteduras en Galicia. Con este investimento o Goberno galego dá un paso máis no desenvolvemento e execución do Plan de Infraestruturas Hidráulicas, concretamente en materia de xestión do dominio público hidráulico (DPH).

O obxecto do contrato é a identificación, o control e a corrección das verteduras existentes ao dominio público hidráulico e dominio público marítimo-terrestre, mediante o establecemento dunha unidade técnica destinada ao control das ditas verteduras e da calidades das augas.

Este programa e o seu investimento divídense en tres fases que fan posible o control de verteduras nas augas de toda a xeografía galega. Na demarcación centro, que será a encargada de dirixir o plan, investiranse case 3 millóns de euros, que se empregarán tamén para a xestión do sistema de alertas, a elaboración de informes técnicos e o control informático. Así mesmo, nas demarcacións norte e sur o gasto superará o millón seiscientos mil euros.

O anuncio deste plan de inspección enviarase ao *Diario Oficial de las Comunidades Europeas* neste mesmo mes de agosto, cun prazo de execución de 36 meses.

Obxectivo: a mellora das augas

O Plan de Control de Verteduras de Augas de Galicia é un proxecto ambicioso e necesario para mellorar a calidade das augas galegas, propósito no que está a traballar exhaustivamente o Goberno galego e que ten como obxectivo que no 2015 estean saneadas as rías e as augas de Galicia, tal e como se establece no Plan de Infraestruturas Hidráulicas que foi presentado recentemente.

Este plan recolle un investimento dun total de 390,3 millóns de euros para obras de saneamento, dos cales 256,6 corresponden a novas actuacións. O saneamento centra o maior pulo investidor, xa que supón o 45% do orzamento total do plan, cunha incidencia moi especial nas rías galegas. Para o capítulo de abastecemento resérvanse 208,7 millóns de euros, o 24% do total. A mellora das marxes das bacías fluviais recibirá un orzamento de 47,8 millóns de euros e o control dos puntos de vertedura en ríos e costa 37 millóns de euros.

Inventario actual

No día de hoxe, nas inspeccións levadas a cabo por parte de Augas de Galicia detectáronse un total de 7.073 puntos de vertedura repartidos polos 128 concellos inspeccionados ata o momento. Débese sinalar tamén que con este plan se traballa en máis ámbitos que nas rías, xa que atende tamén as augas procedentes de ríos e lagos.

Neste sentido, é importante destacar que por puntos de vertedura enténdense todas aquelas zonas polas cales se emite un caudal ao dominio público hidráulico, de xeito que se catalogan do seguinte xeito:

CARACTERÍSTICAS DE PUNTOS DE VERTEDEIRA INVENTARIADO
Con presenza constatada de emisións contaminantes
Con indicios de verteduras de augas residuais, como olores ou turbidez
Considerados, a priori, como puntos de verteduras de augas pluviais
Puntos corrixidos ou con ausencia de contaminación

Así, do total de verteduras inventariadas, 4.986 puntos, é dicir, un 70,49% son a dominio público hidráulico (ríos e desembocaduras), mentres que 2.094 puntos, un 29.61%, son a dominio público marítimo-terrestre (ribeiras).

Maior urxencia

O Goberno galego traballa para a erradicación total de todas as verteduras nas augas galegas, pero existen puntos aos cales se debe atender canto antes. Por iso, dos 7.073 puntos inventariados, 2.617 considéranse de carácter prioritario, xa que son zonas en que se constatou, en máis dunha inspección, a existencia de contaminación ben de maneira fidedigna, mediante o correspondente informe analítico, ben por indicios visuais de contaminación. Estas verteduras supoñen o 37% por cento do total de verteduras inventariadas ata a data.

Causas xerais das verteduras

Un dos maiores problemas con que se atopa a Administración galega está nos concellos, posto que a maior parte das verteduras contaminantes detectadas teñen orixe municipal, en concreto 1.757 puntos de carácter prioritario que rematan en dominio público e son consecuencia de distintos factores: algúns son por deficiencias nas redes de saneamento; verteduras puntuais de alivios das devanditas redes; conexións erróneas en redes separativas; e carencia de sistemas de saneamento ou de depuración.

Por outra banda, parte das verteduras con materia contaminantes teñen orixe particular. Cabe destacar que, ata o momento, se localizaron un total de 452 verteduras contaminantes con esta orixe.

Outra parte das verteduras contaminantes son de orixe industrial, das que se contabilizaron 349 puntos.

E por último existen 59 puntos de vertedura contaminantes cuxo orixe é descoñecido. Estes puntos supoñen un 0,83 % das verteduras inventariadas.

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO DO PARQUE EÓLICO A VALIÑA NO CONCELLO DAS PONTES

- *O parque estará promovido por Eólicos del Noroeste, S.L e terá unha potencia de 6,8 MW*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe definitivamente o proxecto sectorial do parque eólico A Valiña, no concello das Pontes (A Coruña). Este proxecto, promovido pola empresa Eólicos del Noroeste S.L, prevé a instalación de oito aeroxeradores, que contarán cunha potencia de 6,8 MW.

Ademais, a infraestrutura comporase de oito centros de transformación xunto coas liñas de media tensión subterráneas que servirán para a evacuación da enerxía. O parque eólico A Valiña conta cun orzamento total de 4.511.978,17€ e estímase que producirá anualmente ao redor de 18.612 MWh.

Con este acordoponse fin a oito anos de tramitación, desde que en xuño do ano 2001 a sociedade Eólica del Noroeste, S.L solicitou a autorización administrativa das instalacións eólicas respectivas. A aprobación responde á proposta realizada desde a Consellería de Economía e Industria, órgano competente por razón de materia.

ECONOMÍA E INDUSTRIA INXECTA 568.000 EUROS PARA DINAMIZAR O SECTOR DA ROCHA ORNAMENTAL

- *A Asociación Galega de Pizarristas desenvolverá unha campaña no Reino Unido e Irlanda coa cal se pretende crear unha marca de calidade e imaxe: Lousa Galicia-España*
- *A Asociación de Canteiras de Galicia poderá levar a cabo un proxecto de comunicación en que incluírá a posta en marcha dun plan estratéxico sectorial*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe un convenio de colaboración entre a Asociación Galega de Pizarristas (AGP) e a Asociación de Canteiras de Galicia (ACG) para promocionar o sector da rocha ornamental. O proxecto será financiado integramente polo departamento que dirixe Javier Guerra Fernández con 568.000 euros, dos cales 68.000 se destinarán a ACG e os 500.000 restantes a AGP.

O convenio de colaboración permitirá á Asociación Galega de Pizarristas desenvolver unha campaña no Reino Unido e Irlanda coa cal se pretende crear unha marca de calidade e imaxe: Lousa Galicia-España, que poderá incluírse nas etiquetas das empresas asociadas. Ao mesmo tempo, porase en marcha unha web comercial en inglés que presente a dita marca de calidade e faga accesible a difusión de diferentes estudos sobre a lousa. Grazas á axuda da Consellería de Economía e Industria, a AGP poderá editar tamén en inglés a información xerada en diferentes xornadas técnicas realizadas polo sector. Con estes fondos, ademais, patrocinaranse importantes eventos relacionados coa lousa e a construción.

Pola súa banda, a Asociación de Canteiras de Galicia poderá levar a cabo un plan de comunicación en que incluírá o desenvolvemento dun plan estratéxico sectorial, un estudo de posicionamento de imaxe e estratexia e un estudo de mercado.

A Consellería de Economía e Industria presta un apoio decidido ao sector da minaría, que pola súa forte dependencia da industria da construción, especialmente afectada pola crise, está a sufrir unha forte contracción da súa actividade. As liñas que subvencionarán co devandito acordo de colaboración teñen un indubidable interese económico e social dado que o seu obxectivo é o impulso da industria mineira galega, que move un número importante de postos de traballo na nosa comunidade.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DOTACIÓN DE 31 NOVOS AUXILIARES DE CONVERSACIÓN NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

- *A Xunta de Galicia proporcionaralles unha axuda mensual de 700 euros e cubrirá os gastos sanitarios aos que non posúan a tarxeta sanitaria europea*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dotar de auxiliares de conversación as escolas oficiais de idiomas de Galicia. Trátase de 31 auxiliares en total, dos cales 15 serán de lingua inglesa, 7 en lingua francesa, 7 en lingua alemá e 2 en lingua chinesa durante o curso 2009-2010.

A Xunta de Galicia proporcionaralles aos auxiliares unha axuda mensual de 700 euros a cada participante para gastos de aloxamento e mantenza, desde o 1 de outubro de 2009 ata o 31 de maio de 2010. O importe total destas axudas será de 173.600 euros. Todo isto sempre que as súas funcións de auxiliar de conversación se realicen con normalidade e de acordo coas condicións establecidas para o apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino. Cubrirán tamén os gastos sanitarios daqueles que non dispoñan da tarxeta sanitaria europea, con importe de 60 euros por auxiliar. Isto supón 6.240 euros en total.

Ademais, o Ministerio de Educación financiará un curso de acollida para os 31 auxiliares por un importe máximo de 3.500 euros.

Este convenio xa foi aprobado en cursos anteriores, proporcionando 27 auxiliares de conversación ás escolas de idiomas no ano escolar 2007-2008 e 29 auxiliares no curso 2008-2009.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS CONCERTOS EDUCATIVOS COS CENTROS PRIVADOS PARA OS PRÓXIMOS CATRO ANOS

- *O novo concerto cobre un total de 3.853 unidades de 255 centros diferentes*

O Consello da Xunta aprobou os concertos educativos cos centros privados para os próximos catro anos. Estes concertos darán cobertura a educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, especial, programas de cualificación profesional e ciclos formativos de grao medio e superior.

O orzamento para os concertos distribuirase da seguinte forma: 90,1 millóns no 2009, 259,1 millóns en cada un dos tres anos seguintes (2010, 2011 e 2012) e 167,1 millóns no 2013. Con estas cantidades cóbrese o salario dos docentes ademais dunha cantidade para gastos (luz, calefacción, material de oficina e persoal de administración e servizos).

Estas asignacións son determinadas pola Xunta de Galicia nos seus orzamentos con base en recomendacións marcadas polo Ministerio de Educación. O novo concerto educativo cubrirá 255 centros, os mesmos que ata o de agora coa excepción do Nebrija Pardo Bazán (As Pontes). Destes centros, 106 son da provincia de Pontevedra, 102 da Coruña, 29 de Ourense e 18 pertencen a Lugo.

En total, o novo concerto permitirá o funcionamento de 3.853 unidades, das cales 818 son de educación infantil, 1.643 de primaria, 1.073 de secundaria, 151 de educación especial, 142 de formación profesional e 26 de programas de cualificación profesional.

Os concertos educativos funcionan con base no Real Decreto 2377/1985, que establece no seu artigo 43 que os concertos se renovarán sempre que o centro siga cumprindo os requisitos que determinaron a súa aprobación, que non se incorrise en causas de non renovación previstas pola Lei orgánica do dereito á educación e que existan consignacións orzamentarias.

APROBADA A CONTINUIDADE DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN DO CENTRO ONCOLÓXICO REXIONAL DE GALICIA JOSÉ ANTONIO QUIROGA Y PIÑEYRO

- *O programa funciona desde o ano 2007 e cobre os gastos para o funcionamento e desenvolvemento das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de radioterapia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a continuidade para o curso 2009- 2010 do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación do Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Ramón Quiroga y Piñeiro para os ciclos de radioterapia cun importe de 36.000 euros.

Este programa cobre os gastos de funcionamento para o desenvolvemento das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior de radioterapia, as ensinanzas deste impártense de modo compartido nas instalacións do CIPF Ánxel Casal- Monte Alto da Coruña e na Fundación do Centro Oncolóxico Rexional, tamén na Coruña.

A continuidade do convenio establece que a fundación será a responsable da achega de profesorado especializado. Mentres, a consellería faise responsable dos gastos de funcionamento para o desenvolvemento das ensinanzas cun máximo de 36.000 euros de investimento, dos cales 15.000 serían para o ano 2009 e 21.000 para o vindeiro. A continuidade do convenio queda aberta para vindeiros cursos.

O convenio foi asinado entre a Consellería de Educación e a Fundación do Centro Oncolóxico Rexional de Galicia no mes de setembro de 2007. A través del, a Consellería mantén a súa política de investimento en infraestruturas e programación educativas que garanten o dereito de todos a formación, mentres que a fundación achega as ensinanzas precisas para o desenvolvemento óptimo da formación profesional correspondente ao ciclo formativo de grao superior de radioterapia. Ao mesmo tempo o CIPF Ánxel Casal pon as instalacións precisas para levar a cabo ambos os dous marcos educativos.

O CONSELLO DA XUNTA PROPÓN A JOSÉ MARÍA FRANCO GARCÍA COMO REPRESENTANTE DOS INTERESES SOCIAIS NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- *É avogado en Vigo e presidente da Asociación de Antigos Alumnos da Universidade de Vigo*

O Consello da Xunta propuxo hoxe a designación de José María Franco García como representante dos intereses sociais no Consello Social da Universidade de Vigo. O anterior responsable, José María Casas de Ron, presentou a súa renuncia o pasado vinteseis de xuño.

José María Franco García, avogado en Vigo é presidente da Asociación de Antigos Alumnos da Universidade da UVI, é proposto para este cargo por entenderse que reúne os méritos suficientes, e considerando ademais a dedicación e compromiso que amosou como membro deste órgano en anteriores etapas.

O novo representante ocupará este cargo no período que reste do anterior mandato, nomeado en xaneiro de 2008, e que ten unha duración de catro anos, renovables unha soa vez.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DA SEGUNDA FASE DE URBANIZACIÓN DA CIDADE DA CULTURA E DAS OBRAS DE MELLORA DOS ACCESOS POR 42 MILLÓNS DE EUROS

- *A realización destas obras permitirá abrir ao público ao longo do 2010 os edificios da biblioteca, o arquivo, o museo e o de servizos centrais, coincidindo coa celebración do Ano Xacobeo*
- *A Consellería de Cultura e Turismo axiliza a licitación e contratación para que no momento de remate dos edificios, e con anterioridade á súa posta en servizo, dispoñan de aparcadoiro anexo e dos correspondentes accesos*

O Consello da Xunta acordou hoxe dar inicio ao expediente para a licitación e contratación da urbanización da fase II e das melloras de acceso, arranxo de noiros e moblaxe urbano da Cidade da Cultura de Galicia, obras para as que autorizou un gasto plurianual cun importe total de 41.996.435 euros. A Xunta de Galicia outorga a estes traballos unha importancia substancial para facer efectiva a súa apertura ao público e aos visitantes durante a celebración do Xacobeo 2010 e dar acceso aos espazos que acollerán exposicións e outros eventos deseñados para potenciar e divulgar a Cidade da Cultura.

A Consellería de Cultura e Turismo decidiu por razóns de interese público axilizar a adjudicación da licitación destas obras polo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia declarou, con data 30 de xuño de 2009, a súa tramitación por vía de urxencia co obxectivo de que en 2010 poidan abrir ao público os edificios da biblioteca, o arquivo, o museo e o de servizos centrais. A realización das obras da segunda fase de urbanización do Gaiás e das melloras de acceso, arranxo de noiros e moblaxe urbana permitirá que no momento de remate dos edificios, e con á anterioridade súa posta en servizo, aqueles disporán de aparcadoiro anexo e dos accesos rematados.

O proxecto que hoxe recibiu a autorización do Consello da Xunta, tras os informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, non indica un único prazo pechado de execución das obras senón que establece varios prazos sucesivos e adecuados ao remate dos edificios que compoñen o complexo da Cidade da Cultura, de xeito que se lles dea servizo e acceso completo no momento da súa finalización.

Urbanización do complexo

As obras da segunda fase de urbanización e dos accesos definitivos inclúen actuacións sobre unha superficie total aproximada de 147.500 metros cadrados e prevén a construción dun total de 891 prazas de aparcadoiro. De forma desagregada, están previstas 769 prazas destinadas a automóbiles, 12 a automóbiles adaptados para discapacitados, 51 a autobuses grandes, 38 a autobuses pequenos e 21 para

microbuses ou furgonetas. Igualmente, están planificadas zonas para paradas de autobuses próximas ao edificio do arquivo.

Ademais das plataformas de aparcadoiro, no proxecto incorpórase a execución das prazas centrais, a diferente nivel, que conforman o espazo central de circulación, estancia de visitantes e que poden servir para a realización de espectáculos. Do mesmo xeito, inclúese a execución dos camiños/escaleiras peonís, a pavimentación en pedra natural para o conxunto destinado aos peóns e en aglomerado asfáltico para os aparcadoiros, os traballos de drenaxe e moblaxe urbana (bancos, papeleiras, fontes, aparcadoiros de bicicletas) e as instalacións de abastecemento de auga para a rede de rega e de electricidade para iluminación e iluminación pública do conxunto. No proxecto, recóllese ademais a xardinaría con diferentes especies arbóreas habituais da paisaxe galega, arbustos e áreas de flores silvestres.

As obras executaranse por fases independentes asociadas ao remate da cada un dos seis edificios principais que forman o complexo da Cidade da Cultura. Deste xeito, no proxecto están definidos os traballos e instalacións necesarias para a organización do conxunto do predio e a separación absoluta dos tráfico correspondentes á obra dos demais tráfico, xa que durante algún tempo convivirán a execución de obras co funcionamento dos edificios rematados.

DESIGNADOS OS REPRESENTANTES DA XUNTA DE GALICIA NO PADROADO DA *FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA*

O Consello da Xunta acordou hoxe a designación dos membros do padroado da *Fundación Camilo José Cela* en representación da Xunta de Galicia: Jesús Vázquez, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Roberto Varela, conselleiro de Cultura e Turismo e Valeriano Martínez, secretario xeral da Presidencia. Os designados substitúen os anteriores representantes da Xunta de Galicia Laura Elena Sánchez, anterior conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Gumersindo Guinarte, anterior secretario xeral da Presidencia, e Damián Álvarez, asesor do anterior presidente da Xunta.

O padroado desta fundación está integrado polos membros natos que o fundador decidiu no seu momento e polos membros designados. Dos membros designados, tal e como sinala o artigo 17. B) dos estatutos, tres serano pola Xunta de Galicia.

Historia da fundación

A *Fundación Camilo José Cela* foi constituída o 14 de xullo de 1986, clasificada como cultural privada por Orde da Consellería de Cultura e Deportes do 20 de novembro de 1987 e declarada de interese galego por Orde da mesma consellería do 24 de novembro de 1987. Esta institución ten por obxecto, segundo o artigo 7 dos seus estatutos, promover o estudo da obra de Camilo José Cela e conservar o seu patrimonio cultural, humano e mesmo anecdótico. Tamén procurará estender o coñecemento xeral da devandita obra e patrimonio, así como de todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da cultura.

A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 7.000.000 DE EUROS PARA O FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA

- *Con esta actuación, os GAC acadan a condición de axentes colaboradores da Administración para impulsar a súa actividade e comezar a executar os seus plans estratéxicos zonais (PEZ)*
- *A Consellería do Mar impulsa os grupos de acción costeira (GAC) que estaban bloqueados*

O Consello da Xunta deu luz verde á posta en marcha dos GAC. Para isto, autorizou o gasto plurianual derivado dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e os grupos de acción costeira (GAC) para o desenvolvemento do Eixo 4 do PO Fondo Europeo da Pesca para o período 2007-2013, por un importe total de 7.423.260 euros. O obxecto deste convenio é regular a colaboración da Consellería do Mar cos GAC creados ao longo do litoral galego -un por cada unha das sete zonas en que se distribuíu a costa- para levar a cabo funcións de desenvolvemento estratéxico zonal e para a xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento do PEZ.

A selección destes grupos fíxose a través dunha orde do 17 de xullo de 2008. A primeira das tarefas dos grupo é a elaboración do Plan Estratéxico Zonal (PEZ). Unha vez definido, o PEZ será o marco en que se definan as accións e proxectos que se levarán a cabo en zonas costeiras. Correspóndelles aos GAC o labor de dinamización e desenvolvemento das accións establecidas para cada zona.

O convenio ten carácter plurianual. O importe total por anualidades é de 2.299.208 euros para o ano 2009 e de 1.281.013 euros ao ano ata o 2013. Con esta actuación, o departamento que dirixe Rosa Quintana cumpre unha das súas promesas de desbloquear a situación en que estaban os GAC, que non estaban formalmente constituídos, de xeito que poidan comezar a desenvolver proxectos que fomenten a sustentabilidade social, económica e ambiental das zonas costeiras.

O programa Acción Costeira ten como obxectivo xestionar a liña de acción dos fondos europeos de pesca, a través da concesión de axudas aos proxectos que se presenten ante os grupos de acción costeira. Esta medida busca a mellora socioeconómica das poboacións ou comunidades pesqueiras en que residen os profesionais do sector pesqueiro. Os grupos de acción costeira (GAC) son asociacións de carácter legal constituídas polas organizacións do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, así como asociacións sociais, ambientais e culturais.

O ESTADO ACEPTA O PRIMEIRO REQUIRIMENTO DE COMPETENCIAS FORMULADO POLO NOVO GOBERNO DA XUNTA

- *Así o acordou o Consello de Ministros o pasado 24 de xullo tras examinar a queixa do Executivo autonómico que consideraba que unhas subvencións estatais en materia educativa invadían as competencias da Comunidade galega*
- *O Goberno central modificará a próxima convocatoria das subvencións, adecuándoa ao marco constitucional e estatutario de distribución de competencias*

O Consello de Ministros acordou, na súa xuntanza do pasado 24 de xullo, aceptar o requirimento de incompetencia formulado pola Xunta de Galicia en relación coa Orde ESD/1062/2009, do 25 de marzo, de subvencións en materia educativa. Así o recolle un informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, en que o Executivo galego se congratula da intención do Estado de mellorar as futuras convocatorias destas axudas co fin de que se respecten as competencias da Administración galega.

A orde referida convocaba subvencións dirixidas a entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de actividades dirixidas á atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e á compensación de desigualdades en educación durante o curso escolar 2009-2010. Con data do 25 de xuño de 2009 o Consello da Xunta acordou formularlle ao Estado un requirimento de incompetencia da dita orde, o primeiro deste novo Goberno autonómico, por entender que invadía as competencias da Administración autónoma galega. Segundo o Executivo galego a materia en que inciden as subvencións da dita orde é a educativa e esta competencia correspóndelle de acordo co artigo 31 do Estatuto de autonomía.

Aceptación dos fundamentos xurídicos e do contido

No tocante aos fundamentos xurídicos do requirimento realizado pola Xunta, o Goberno central acéptaos e considera que é posible mellorar a adecuación da convocatoria cuestionada ao marco constitucional e estatutario de distribución de competencias. Con este fin, o Goberno central comprométese a “modificar a próxima convocatoria das subvencións a que se refire a orde, axustándoa plenamente á doutrina constitucional, ben mediante a fixación de criterios de repartición obxectivos ben mediante convenios axustados aos principios constitucionais”.

Ademais, o texto do ministerio tamén di que no caso de que o Estado, con fundamentos nos criterios admitidos pola xurisprudencia constitucional, realizase o outorgamento dunha determinada porcentaxe destas axudas, garantirase mediante acordo coas comunidades autónomas a súa participación. Doutra banda, ao referirse ao contido do acordo, o Goberno do Estado acepta o requirimento “pro futuro” para os efectos de non interromper a procedemento de concesión das axudas, evitando ao

mesmo tempo o previsible prexuízo aos potenciais beneficiarios que constitúan parte interesada nel.

Unha vez analizado o contido da resposta do Estado, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, a Asesoría Xurídica Xeral e a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitarias, considéranas positivas e favorables por dar pretensión aos intereses propios da Comunidade galega, polo que non procederán a interpoñer conflito positivo de competencia ante o Tribunal Constitucional.

A EGAP DISTRIBUIRÁ A TRAVÉS DA INTERNET E DE XEITO GRATUÍTO TEMARIOS PARA TODOS OS PROCESOS SELECTIVOS DA XUNTA

- *O conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, presentou esta mañá un informe no Consello da Xunta para dar conta desta iniciativa que persegue facilitar a tarefa dos opositores libres ao dispoñer duns temarios de referencia e máxima fiabilidade*
- *Os temarios non terán carácter oficial senón que se trata de instrumentos complementarios e contrastados que servirán de apoio e axuda como textos de referencia*

A Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP) elaborará os temarios para todos os procesos selectivos convocados pola Xunta de Galicia, segundo anunciou hoxe no Consello da Xunta o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda. Estes temarios, que serán tanto para persoal funcionario como laboral, atoparanse en edición galega e castelán e poderán descargarse 'en liña' e sen ningún custo a través da páxina web da Escola (<http://egap.xunta.es/>). Para este proxecto cóntase cun orzamento aproximado duns 56.000 euros, repartidos entre a súa redacción e tradución.

Alfonso Rueda presentou esta iniciativa a través dun informe, no que deixou claro que non se trata de temarios, respostas ou materiais oficiais, polo que en ningún caso vincularán opositores ou tribunais. Trátase de instrumentos complementarios e contrastados que servirán de apoio e axuda como textos de referencia, pero nunca de forma exclusiva ou excluínste doutros materiais.

A redacción dos temarios será feita por funcionarios públicos do corpo superior e letrados da Xunta de Galicia, avogados do Estado, xuíces e maxistrados, notarios e rexistradores da propiedade e catedráticos e profesores universitarios. Doutra banda, os temarios dos corpos especiais contarán coa colaboración dos diferentes colexios profesionais e cos funcionarios dos ditos corpos que se determinen no seu momento.

Publicación progresiva dos temarios

Os novos temarios estarán á disposición dos empregados públicos de xeito progresivo, en canto vaian rematando os procesos selectivos en marcha, para non causar disfuncións e inseguridades entre os actuais opositores que estudaron outros temas para este proceso. Así, antes de que remate o ano comezarse cos grupos C1, C2 e a agrupación de subalternos, xa que nesas datas rematan os seus procesos selectivos actualmente en marcha. Posteriormente, a medida que rematen os procesos selectivos dos grupos A2 e A1 poranse á disposición dos interesados os seus correspondentes temas.

A elaboración dos temarios pola EGAP era un requirimento constante das organizacións sindicais e do colectivo dos empregados públicos, así como da

sociedade en xeral, xa que aos opositores libres lles facilitará enormemente a súa tarefa ao dispoñer por fin duns temarios de referencia -aínda que en ningún momento teñan carácter oficial- e lles proporcionará unha garantía de fiabilidade dos temas utilizados na súa preparación.

Ademais, o informe tamén indica que os temarios facilitarán a selección e promoción interna do persoal ao poñer á disposición dos interesados un material de calidade redactado por persoal propio das administracións públicas e de recoñecida autoridade.

O GOBERNO GALEGO AVALIARÁ OS ORGANISMOS DEPENDENTES DA XUNTA PARA DETECTAR CALES SON PRESCINDIBLES E DISOLVELOS

- *O obxectivo da Xunta é ter definido antes de que remate o ano que entes da Administración paralela se poden eliminar*

O Consello da Xunta recibiu na súa reunión de hoxe un primeiro informe da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza sobre a situación dos organismos dependentes da Xunta de Galicia, que inclúe un plan de avaliación para detectar cales son prescindibles e proceder posteriormente á súa disolución, cumprindo así o compromiso do Goberno galego de redefinir e redimensionar a chamada Administración paralela.

O documento elevado hoxe a Consello consta dun informe da situación acompañado dun plan de avaliación, sometido a prazos, para analizar a estrutura e funcionamento das axencias, consorcios, centros diferenciados, entidades de dereito público, fundacións, organismos autónomos e sociedades participadas pola Xunta.

O informe aproveita os traballos da comisión creada a comezos de xullo para estudar este tipo de organismos, evitar duplicidades e proseguir co programa de austeridade. A comisión, adscrita á Consellería de Facenda, está composta polos titulares das direccións xerais de Función Pública, de Orzamentos, de Avaliación e Reforma Administrativa, pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

O que se pretende nos vindeiros catro meses é analizar cales son as competencias e ámbitos de actuación dos organismos dependentes, comprobando se existe solapamento coas consellerías de que dependen, ver a forma en que desenvolven a súa actividade, comprobar a adecuación do persoal ás funcións realizadas polo organismo e avaliar a eficacia e eficiencia da unidade. Dese xeito determinarase se procede a súa supresión ou unión a outro organismo, a redución da estrutura ou ben o seu mantemento.

O plan prevé análises previas por parte de auditores, visitas aos organismos e elaboración de informes provisionais con información sobre ámbitos de actuación, xestión de persoal, cuestións xurídicas e de xestión económica, entre outros. O obxectivo é que ao longo do mes de decembro se eleve a Consello da Xunta o informe definitivo que recolla as conclusións e determine cales son os organismos da Administración paralela que se deben suprimir.

O ANTEPROXECTO DE LEI QUE REGULA O APROVEITAMENTO EÓLICO DE GALICIA RECOLLE A CREACIÓN DUN CANON E DUN FONDO DE COMPENSACIÓN PARA OS CONCELLOS

- *O documento sinala que o novo modelo é manifestamente incompatible co procedemento instruído polo anterior Goberno e determina a súa desestimación*
- *O anteproxecto está baseado nunha escrupulosa observancia e respecto da liberalización do sector*
- *O texto legal garante os principios de concorrencia e transparencia nun contexto de máxima seguridade xurídica*

A Consellería de Economía e Industria presentou ante o Consello da Xunta que tivo lugar hoxe en Santiago un informe en que se recolle o anteproxecto de lei polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental destinado aos concellos cuxo termo municipal estea dentro da liña de delimitación poligonal dun parque eólico, e aos tamén afectados polas súas instalacións de evacuación.

O documento sinala que o novo modelo proposto pola Consellería de Economía e Industria, a creación do Canon Eólico e as consecuentes modificacións procedementais que se articulan no anteproxecto, son manifestamente incompatibles co ata o de agora vixente, baseado na participación pública, e determinan a imposibilidade da continuación do procedemento instruído ao abeiro da Orde de 6 de marzo de 2008 e xustifican, tal e como recolle o documento legal, que se faculte o titular da consellería competente en materia de enerxía para acordar a suspensión e posterior desestimación do actual procedemento en curso.

O informe reflicte que o anteproxecto está baseado nunha escrupulosa observancia e respecto da liberalización do sector, e coa consideración de que o interese público de Galicia pode e debe estar mellor reflectido e en harmonía plena co ordenamento xurídico vixente, motivos que xustifican o distanciamento do Decreto 242/2007 para atopar outras fórmulas e modelos máis racionais.

Nesta liña, o documento defende e xustifica a creación dun Canon Eólico ambiental con carácter compensatorio ao se definir o seu feito impoñible como a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e a paisaxe e o territorio a través dos bens afectos á produción de enerxía eólica.

De forma paralela ao Canon, o informe reflicte tamén a creación do chamado Fondo de Compensación Ambiental, que se integrará esencialmente con parte dos recursos derivados do Canon, e que se articula como instrumento que facilite a compatibilidade do desenvolvemento eólico coas actuacións de compensación do medio e da paisaxe e coa ordenación do territorio. Os beneficiarios serán os entes locais cuxo termo

municipal estea dentro da liña de delimitación poligonal dun parque eólico e aos tamén afectados polas súas instalacións de evacuación.

Ademais do novo modelo de aproveitamento eólico, o informe da Consellería de Economía e Industria fai referencia á regulación das liñas básicas do procedemento que debe seguirse para a autorización das instalacións de parques eólicos. O anteproxecto de lei configura un procedemento de autorización administrativa precedido dun trámite de selección competitiva que se adecua á especificidade do sector da enerxía eléctrica e está dotado de mecanismos racionais e simplificados que garanten os principios de concorrencia e transparencia nun contexto de máxima seguridade xurídica.

SANIDADE DOTARÁ DE RECURSOS REAIS O PLAN INTEGRAL DE ATENCIÓN Á SAÚDE DA MULLER NUNHA CLARA APOSTA POLA SAÚDE DAS MULLERES GALEGAS

- *Pilar Farjas Abadía presentou un informe ao Consello da Xunta en que se recolle que este plan integral se iniciou no ano 1999 e asegurou que durante os últimos catro anos todos os anuncios foron proxectos que non tiveron execución práctica*
- *O informe presentado hoxe tamén concreta as directrices actuais que seguirá a Consellería de Sanidade sobre a saúde das mulleres*
- *Ademais, realizarase unha auditoría para coñecer a situación real actual e avaliará a eficacia das medidas dos proxectos desenvolvidos nos últimos catro anos*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou hoxe no Consello da Xunta un informe que aborda as directrices que seguirá o seu departamento en materia de Atención á Muller. En concreto, o documento reflicte a clara aposta da sanidade pública galega por dotar de recursos reais e poñer en marcha o Plan Integral de Atención á Saúde da Muller, que segundo lembrou Farjas Abadía, foi iniciado xa no ano 1999 recollendo aspectos fundamentais como anticoncepción; embarazo, parto e lactación; menopausa; cancro de cérvix e de mama; e violencia contra as mulleres, entre outros.

O obxectivo da Consellería de Sanidade é dotar de operatividade plena e dar unha execución real a este plan, que aborda todos os aspectos relativos á atención da muller no ámbito preventivo, asistencial e social, buscando unha maior eficiencia, unha mellora da calidade e un aumento no grao de satisfacción das usuarias galegas.

Outra das liñas de actuación da Consellería de Sanidade será realizar unha análise dos proxectos anunciados nos últimos catro anos e coñecer o seu desenvolvemento real no sistema sanitario, xa que moitas das actuacións anunciadas non tiveron execución práctica.

Segundo o informe presentado hoxe, a Consellería de Sanidade levará a cabo un proxecto que presentará, por unha banda, ferramentas eficaces aos profesionais sanitarios na toma de decisións relacionadas coa saúde das mulleres galegas, conseguindo a implicación directa destes profesionais no proceso e por outra banda, a finalidade da Consellería de Sanidade é garantir a equidade nos accesos e na prestación da sanidade para todas as mulleres galegas, homoxeneizando as actuacións sanitarias en todo o sistema sanitario galego.

Así, as primeiras liñas de traballo por parte da Administración sanitaria serán as de agrupar as actuacións por procesos asistenciais integrados e deseñar e executar un sistema de auditorías para coñecer a situación real actual nesta área na sanidade pública, e tamén elaborar un procedemento para elaborar novos contidos que

permitan actualizar informacións e axustarse ás novas demandas e necesidades sociais.

Outras das medidas será establecer unha asignación de competencias e ademais poñer en marcha indicadores de avaliación e un cronograma de actuacións. Así mesmo, nomearase un responsable do proceso que coordine as áreas de traballo e establecerase unha unidade de xestión que lidere e preste apoio aos diferentes responsables nas distintas fases.

O PLAN ESTRATÉXICO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE BASEARASE EN GARANTIR OS DEREITOS DOS CIDADÁNS E MODERNIZAR E HUMANIZAR O SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE EN GALICIA

- *Centrará a atención no doente e realizará un seguimento integral deste en todo o continuo asistencial*
- *O plan realizarase cun amplo consenso con todos os seus protagonistas: os traballadores, as organizacións sindicais e profesionais, as institucións, os grupos políticos e os cidadáns*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou hoxe no Consello da Xunta un informe sobre o Plan Estratéxico do Servizo Galego de Saúde para os anos 2009-2013 que vai desenvolver o departamento que dirixe.

Segundo indicou, este plan basearase en optimizar os dispositivos asistenciais integrados; garantir os dereitos dos cidadáns; modernizar e humanizar o Sistema Público de Saúde en Galicia, incorporando modelos de xestión que o dinamicen; centrar a atención no doente; realizar un seguimento integral do doente en todo o continuo asistencial; a xestión informatizada; a desburocratización das consultas; e unha maior participación dos profesionais na toma de decisións.

Todo isto realizarase e despregarase cun amplo consenso con todos os axentes protagonistas do sistema, os traballadores, as organizacións sindicais e profesionais, as institucións e os grupos políticos e os cidadáns, usuarios e pacientes.

Así, nunha primeira fase levarase a cabo unha recollida e identificación dos criterios e requirimentos do plan para obter un documento de liñas estratéxicas. A continuación, farase unha identificación das áreas de traballo e unha identificación das partes interesadas que se incluírá no proxecto. Despois realizaranse mesas de discusión sobre as distintas áreas de traballo coa participación das partes interesadas, e definiranse os obxectivos e liñas estratéxicas consensuadas, así como os proxectos que se van desenvolver. Por último, a consellería realizará un seguimento do plan e comunicará á cidadanía os seus resultados.

Necesidade de creación do plan

A Xunta de Galicia considera necesaria a creación deste Plan Estratéxico xa que o 36% dos galegos considera a área da saúde como a de maior interese, por riba da educación, a vivenda ou as pensións.

Porén, a calidade percibida polos cidadáns empeorou nos últimos anos, segundo os datos de 2007 do barómetro sanitario do Ministerio de Sanidade e Política Social, só o 13,8% dos galegos considera que o sistema sanitario funciona ben, fronte ao 20,1% da media nacional. Así, o aumento significativo do gasto público non se

acompañou dun aumento da calidade asistencial nin se priorizaron adecuadamente as infraestruturas necesarias; existe unha falta de coordinación entre a atención primaria e a especializada; e aspectos como a investigación sufriron un retroceso.

A todo isto hai que engadir un contorno de crise económica e problemas como as listas de espera ou a desmotivación dos profesionais, que precisan intervencións rápidas que invertan a tendencia negativa dos últimos anos.

A CONSELLEIRA DE SANIDADE INFORMA O CONSELLO SOBRE A OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO PERSOAL ESTATUTARIO DO SERGAS

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe o Consello da Xunta sobre a oferta pública de emprego (OPE) do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Así, sobre o persoal licenciado sanitario, lembrou que o pasado 27 de xuño tiveron lugar no Recinto Feiral de Silleda os exames -correspondentes á OPE 2008- que forman parte do concurso-oposición convocado para a categoría de facultativo especialista de área de diversas especialidades, médico de urxencias hospitalarias, médico de familia de atención primaria, pediatra de atención primaria, farmacéutico de atención primaria, odontólogo de atención primaria e médico coordinador do 061. Presentáronse a eles 2.827 aspirantes –dun total de 3.768 inscritos, é dicir, o 75%- para 1.002 prazas.

Sobre estas probas cómpre destacar que foi necesario cambiar a súa convocatoria debido á entrada en vigor da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia. Segundo ela, o segundo exercicio sobre o contido da parte común do programa pasa a realizarse de forma bilingüe e no terceiro, de coñecemento da lingua galega, están exentos da súa realización os aspirantes que acrediten posuír o certificado Celga 4 (ou equivalente). Ambos os dous seguen a ser obrigatorios e non eliminatorios (agás o segundo exercicio, que non é obrigatorio para a quenda de promoción interna).

Estas foron as primeiras probas selectivas da Xunta afectadas pola reforma da devandita norma, e nelas fixeron o exame de coñecemento de lingua galega o 38% dos presentados. Na súa realización non houbo incidencias, ben que unha muller embarazada fixo o seu exame no hospital en que estaba ingresada ao mesmo tempo que o resto dos opositores.

Inmediatamente despois da realización das probas, o 3 de xullo, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* unha resolución pola cal se abría o prazo para a presentación da documentación acreditativa de estar en posesión do certificado Celga 4.

A finais deste mes publicaranse as notas dos dous primeiros exercicios, xunto cos cadros definitivos de respostas; e a mediados de agosto publicarase a puntuación definitiva que integre a correspondente nota de coñecemento da lingua galega. No que se refire á baremación da fase de concurso, está previsto que no último trimestre do ano se abra o prazo para presentación de documentación.

Resto de categorías estatutarias

A conselleira informou tamén sobre os exames que terán lugar para o resto de categorías estatutarias, regulados polo decreto 25/2009, do 12 de febreiro, e pola resolución da secretaría xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009. Estas categorías son albanel; ATS/DUE; DUE saúde mental; auxiliar de enfermaría; calefactor; carpinteiro; celador; cociñeiro; costureiro; electricista; enxeñeiro técnico; fisioterapeuta; fontaneiro; auxiliar (función administrativa); administrativo (función administrativa); técnico (función administrativa); xestión (función administrativa); hixienista dental; lavandeiro; logopeda; matró; mecánico; perruqueiro; persoal de servizos centrais; pinche; pasador de ferro; técnico especialista de anatomía patolóxica, laboratorio, radiodiagnóstico, radioterapia e informática; técnico de xestión de sistemas; técnico superior de sistemas; telefonista; terapeuta ocupacional; e traballador social.

Existen 2.912 prazas ofertadas para estas 36 categorías, para as cales hai 72.518 aspirantes convocados. O pasado 14 de xullo publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución que modifica a convocatoria inicial para adaptala á Lei 2/2009, do 23 de xuño, na cal se inclúe xa a apertura do prazo para a presentación da documentación acreditativa de estar en posesión dos cursos de coñecemento do galego.

Estes exames terán lugar nos meses de outubro e novembro, e a baremación da fase de concurso terá lugar o próximo ano.